



San Martín de Suarna – San Martín de Suarna (San Martín) – A Fonsagrada, 1979-12

Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (65)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

VI 1684a

Miña nai por me casar
meu pai por dalo dote
formaron unha quimera
quixeron partilo pote.

- Esta non ten máis. (...)

VI 1532b

Siéntate aquí, Maruxiña
tu nunha pedra i eu noutra
axudarasme a chorar
a miña fortuna pouca.

VI 1115c

Se mo deches non mo deres
eu pedir non cho pedín
anduveches xogando a todos
quéresmo cobrar a min.

VI 1733

Teño tres cuartos e medio
metidos nun tabaqueiro
cásate connigo nena
que eu teño muito diñeiro.
Ai la lala la
larará lara lara

- Esa acabouse.